




A

ESCALEIRA DE SÍGUAL

A CONDESA REBELDE

MATERIAL
PARA O
ALUMNADO

MANUEL CASTELAO



XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia
Secretaría Xeral da Igualdade
Lugar: Santiago de Compostela
Ano: 2012
Deseño: Marujas Creativas
D.L.: C 20232012



A ESCALEIRA DESIGUAL

MATERIAL
PARA O
ALUMNADO

"A CONDESA
REBELDE"

MANUEL CASTELA





A ESCALEIRA DESIGUAL

SINOPSE DE "A CONDESA REBELDE" { 08 }

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA { 08 }

{ 11 }

BLOQUE 1: O ANXO DO FOGAR

{ 12 }

SECUENCIAS

{ 16 }

TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO

{ 19 }

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

BLOQUE 2: A ESCALEIRA DESIGUAL { 24 }

SECUENCIAS { 25 }

TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO { 31 }

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO { 46 }

{ 41 }

BLOQUE 3: PARA ALÁ DO SER SATÉLITE

{ 42 }

SECUENCIAS

{ 47 }

TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO

{ 51 }

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO



A ESCALEIRA DESIGUAL

SINOPSE DE "A CONDESA REBELDE"

FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

A CONDESA REBELDE

SINOPSE



A actividade literaria da Condesa e o seu cultivo da estética naturalista provoca o escándalo nos círculos conservadores. Perante a insistencia do seu marido en que subordine a literatura á condición de esposa e nai, Emilia Pardo Bazán, apoiada pola súa aristocrática familia e, especialmente, polo pai, decide pór fin ao seu matrimonio para se converter en escritora profesional. Viaxa por Europa e estabelécese en Madrid, onde coñece Benito Pérez Galdós e mantén con el un singular relacionamento amoroso que se prolonga durante máis de vinte anos. En Madrid, desenvolve unha actividade incansábel para obter o lugar nas institucións da cultura que, polo seu talento e capacidade, merece. Deberá encarar toda a clase de menosprezos e exclusións, con raíz na súa condición de muller, até se tornar unha das figuras clave da emancipación feminina na España da fin do século XIX e nos deixar unha obra tan extensa como rica e variada.



FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA

Dirección: Zaza Ceballos
Guión: Puri Seixido, sobre unha idea de Zaza Ceballos
Producción: Zenit TV
Dirección de fotografía: Juan Carlos Lausín
Dirección artística: Alexandra Fernández
Música: Pablo Cervantes
Montaxe: Fernando Alfonsín e Gerardo Rodríguez
Son: David Machado
Vestuario: María Gil e Marta Wazinger
Cabeleireira: Mara Collazo
Maquillaxe: Chicha Blanco
Dirección de produción: Sara Gonzalo
Xefa de produción: Mara González
Montaxe de son: Jorge Marín
Ano de produción: 2011
Duración: 93 min.
Formato: HD, 2:40





A ESCALEIRA DESIGUAL

BLOQUE 1: O ANXO DO FOGAR

SECUENCIAS

TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO



BLOQUE I: O ANXO DO FOGAR

Núcleo conceptual:

A ideoloxía da domesticidade.

.....

Secuencias de referencia:



Obxectivos pedagóxicos:

- * Comprender o significado da “ideoloxía da domesticidade” na España do S. XIX.
 - * Coñecer as bases conceptuais en que se sustentaba a figura do “anxo do fogar”, a respecto das relacións de xénero.
 - * Analizar a oposición público/privado, en relación coa división de xénero.
 - * Desenvolver no alumnado unha actitude reflexiva e crítica a respecto da ideoloxía da domesticidade e da súa supervivencia soterrada.
-

Contidos:

- * A “inferioridade natural” da muller no S. XIX español: dimensións en que se expresa.
 - * A “ideoloxía da domesticidade”, unha construción histórica complexa e ambivalente.
 - * A identidade feminina no S. XIX español.
-

Criterio de avaliación:

- * O alumnado comprende correctamente a construción da identidade feminina por parte da ideoloxía dominante no S. XIX e é capaz de describir e analizar os trazos que definen a figura do “anxo do fogar” desde unha perspectiva crítico-emancipadora.



SECUENCIAS



SECUENCIA 13

MEIRÁS. XARDÍN. EXT/DÍA

A secuencia ábrese cun letreiro: "Meirás, Outono 1885." Emilia avanza moi decidida ao pé das torres, cunha carta na man, até a mesa onde Pepe está a tomar café. As fillas e o fillo xogan no xardín, mentres se retiran as criadas.

PEPE

Tes todo preparado para a cea cos Constanti?

EMILIA

(Asentindo) Si, claro. (Entusiasta) Pepe, teño que ir a Madrid.

PEPE


(Póndose en tensión) Outra vez?

EMILIA

Giner de los Ríos propúxome para o tribunal dun premio literario que convoca o Ateneo. O Ateneo, Pepe!

PEPE

(Acedo) E como ti queres ir a Madrid, aos demais só nos queda consentir e calar.





EMILIA

Non van ser máis ca uns días. Non podo dicir que non.

PEPE

Non queres. E eu xa estou farto de que todos teñamos que adaptarnos ás túas necesidades. Algún día terás que escoller entre ser literata ou esposa e nai.

EMILIA

Estasme dicindo que teño que deixar de escribir?

A rapazada achégase. Pepe non responde, para evitar que chegue aos seus ouvidos a discusión.

PEPE

(Á rapazada) Nenos, ide merendar, despois xogamos á pelota, parécevos?

As fillas e o fillo marchan. Cando están lonxe de abondo, Pepe óllaa fixamente e di con gravidade:

PEPE (CONT)

Eu non che impido que escribas. Pero iso pódelo facer no teu despacho, sen ter que ir a Madrid para nada.

EMILIA


Se por ti fose, pechábame na casa e tirabas coa chave.

Pepe manifesta de forma franca a súa irritación e di, terminante:

PEPE

Se vas a Madrid, non hei estar agardándote cando volvas.

A continuación, Pepe érguese e marcha. Emilia fica soa, a pensar...





SECUENCIA 10 (FRAGMENTO)

TABERNAS. DORMITORIO. INT/DÍA

Emilia está face ao tocador, a se amañar. Pepe fica ao fondo, fronte a un espello.

PEPE (CONT)

(Con sarcasmo) Metéuseche na cabeza ser unha gloria das letras e agora non hai quen te pare.

Emilia vírase para Pepe e di con ira refreada:


EMILIA

E que problema supón que queira ter un oficio?

En canto os dous se ollan, Pepe responde:

PEPE

O problema é que o oficio impórtache cada vez máis e a familia impórtache cada vez menos.





SECUENCIA 17 (FRAGMENTO)

TABERNAS. SALA 2. INT/DÍA


Dona Amalia está sentada no sofá, coa carta de Emilia nas mans. Don Xosé, en fronte dela, nunha cadeira.

DONA AMALIA

Pensas que faríamos ben en deixala tan... libre?


DON XOSÉ

Preferirías tela na casa, domesticada e infeliz? (Dona Amalia nega coa cabeza) Coñezo ben a Emilia. Sei que podemos confiar no seu bo xuízo.





Estes textos poden ser usados antes e/ou
despois do visionado. Suxírense para a
fase de pre-visionado os textos 1 e/ou 2 e
proponse actividades específicas para eles.




[1. A ARCA SAGRADA]

“A nosa verdadeira emancipación está dentro do fogar, no seo da familia. Queremos a muller ilustrada para que instrúa os seus fillos; para que manteña, co seu claro e recto xuízo, a paz doméstica; para que, na prosperidade como na desgraza, sexa a máis fiel compañeira do esposo, a arca sagrada que encerre o xermolo de todas as virtudes, a gardadora deses ricos tesouros que se chaman amor conxugal, amizade sincera, caridade inesgotábel, dozura, xenerosidade e elevados sentimentos, tesouros que, distribuíndoos ao redor de si, enriquecerán a humanidade toda.”

Sofía Tartilán: *Páginas para la educación popular*, 1877.

Fai unha listaxe dos atributos e tarefas que o texto apón á muller.



[2. O ANXO DO FOGAR]

“A escritora é algo máis que unha muller común; ten outra misión máis elevada que encher que as demais mulleres e, por outro lado, ten os mesmos deberes que cumprir. Ten que responder perante Deus, o mesmo que todas as mulleres, da felicidade da súa familia; por ser escritora, non deixa de ser filla, irmá, esposa e nai.”

“Conquistade o corazón dos vosos esposos, non coa virtude malencarada, senón coa virtude doce e graciosa, coa bondade, coa coquetería. Facédelles agradábel a súa casa e amábel o voso trato. Sede as súas amigas ao mesmo tempo que as súas amantes. Partillade as súas alegrías. Consolade as súas tristezas. Adozade as súas dores. Coidade as súas enfermidades. Esmerádevos na súa elegancia. Procurade que nada lles falte ao seu tempo. Velade polos intereses da casa, que son os vosos tamén. Facédevos, en fin, necesarias para a súa dita e deixádeos libres, completamente libres. Non lles preguntedes a onde foron, que eles mesmos volo dirán espontaneamente. Non lles preguntedes o diñeiro que gastaron, que é rebaixalos aos seus propios ollos e as feridas do orgullo son as que menos han de perdoarvos. O home é o xefe natural da familia e o dono da súa casa: para impedir os seus extravíos, no tendes máis medio lícito que imperar sobre o seu corazón.”

“A ocupación da felicidade da familia, o coidado do fogar, a lectura, a oración e o cultivo dalgunhas flores, bastan para facer feliz a muller de organización máis poética e privilexiada.”

“A felicidade atópaa a muller na súa casa, en medio da súa familia; alí é a raíña, a señora; aínda máis, alí é a Providencia.”

Pilar Sinués de Marco: *El ángel del hogar*, 1859 (6ª ed. ampliada, 1881).

Fai unha listaxe dos atributos
e tarefas que o texto apón á muller.





[3. HOMES E MULLERES. SERES DIFERENTES]

“Non o dubide vostede: a calor do ovario arrefría o cerebro (...) A lei da diferenciación imponse.”

Urbano González Serrano: *La amistad y el sexo. Cartas sobre la educación de la mujer*, 1893.

“É crenza dominante no século XIX que a falta de capacidade orgánica e funcional do seu cerebro impide á muller enfrontarse coas grandes tarefas mentais. Tamén se lle supón falta de aptitudes para exercer as funcións directivas.”

María Laffitte e Pérez del Pulgar, Condesa de Campo Alange: *La mujer en España: cien años de su historia (1860-1960)*, 1963.

[4. O EIXE DA VIDA FEMININA]

“O erro fundamental que vicia o criterio común a respecto da criatura do sexo feminino é o de lle atribuír un destino de mera relación; de non a considerar en si, nin para si, nin por si, senón nos outros, polos outros e para os outros.” (...) “o eixe da vida feminina, para os que así pensan, (...) non é a dignidade e felicidade propia, senón a allea, a do esposo e fillos e se non hai fillos nin esposo, a do pai ou a do irmán e, cando estes faltaren, a da entidade abstracta xénero masculino.”

Fusión de dous excertos de Emilia Pardo Bazán, procedentes de “Una opinión sobre la mujer” (1892) e “La educación del hombre y de la mujer. Su relación y diferencias” (1892).

[5. A LITERATA]

“Nas familias, unha literata é temida coma o lume. En lugar de ser, como debía, o modelo de todas as virtudes; en lugar de ser xenerosa, submisiva e tenra, é, habitualmente, egoísta, activa e insensíbel. No seu corazón non ten entrada nin aínda o doce sentimento do amor, porque todo aquel que lle manifesta afección parécelle pouco para ela e, por outra parte, non quere casar até ter trinta anos, para deixar antes ben consolidado o seu nome. (...)”

—Que lle debo eu ao teu talento? —dirá o esposo que ve descoidado o goberno da súa casa e que ten que repartir o seu curto salario entre a costureira e a que pasa o ferro, se quere que non lle falte o absolutamente indispensable.

—Que temos que agradecer ao enxeño da nosa nai? —preguntarán os fillos da literata cando a luz da súa razón os leve a deplorar o descoido da súa educación.

Aí!, estes cargos, sen contar coa maledicencia da sociedade; estes amargos cargos das persoas que deben ser as máis queridas para a muller, abundan para extirpar de todo corazón amante e honrado o funesto afán de gloria literaria que domina hoxe o meu sexo.”

Pilar Sinués de Marco: *El ángel del hogar*



ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

Responde as seguintes preguntas con textos completos e coherentes, i.e., que teñan sentido por si e non sexa preciso ler o enunciado da pregunta para os entendermos.




Observando e analizando

1. Por que pregunta Pepe á súa muller se ela xa ten todo preparado para a cea cos Constanti? ¿É unha pregunta que sigamos a ouvir na actualidade? Que presupón sobre o papel da muller?
2. Cal é a idea que o marido da protagonista, Pepe, ten do que debe ser a súa esposa? Describe as diferentes dimensións que el contempla na muller e cal debe ser, segundo o seu criterio, a vida de Emilia.
3. En cal sentido a emprega Pepe o termo “literata”?
4. Cales cres que son as motivacións persoais de Pepe na secuencia? Que é o que o preocupa? Ten en conta que, noutra secuencia (a 14^a), a Condesa o cualifica como “un bo home e un bo pai”.
5. Como debía desenvolver Emilia, segundo o marido, a súa relación coa literatura? ¿Tiña que ser un oficio ou unha dedicación privada?
6. Repara na frase da Condesa: “Se por ti fose, pechábame na casa e tirabas coa chave.” ¿Cres que a frase ten vixencia actual? ¿Coñeces algunha situación dos nosos días en que sexa aplicábel?





Desenvolvendo e construíndo



- 7.** Unha das autoras citadas, Pilar Sinués de Marco, tiña como nome de nacemento “María del Pilar Sinués y Navarro”. Que significado cres que tiña, nos séculos XIX e XX, o feito de a esposa adoptar o apelido do marido e ser convertida en “señora de Marco”? ¿Está vivo aínda ese costume na nosa ou noutras sociedades?
- 8.** Fai un esquema dos trazos característicos do “anxo do fogar”. Como debía ser a vida dunha muller que respondese a esa condición?
- 9.** Considera os textos complementarios de autoras da época que se inclúen e indica os aspectos deles que seguen vivos na nosa sociedade, á hora de entender o relacionamento entre homes e mulleres.
- 10.** Explica en que consistía a ideoloxía da domesticidade e relacióna coa concepción da familia na España do S. XIX.
- 11.** Cales eran as figuras que asumía a identidade feminina para a ideoloxía da domesticidade?
- 12.** Baseándote nos textos fornecidos, escribe unha carta a unha muller do século XIX, tratando de lle abrir os ollos sobre a súa situación e criticando a ideoloxía en que se basea a súa reclusión no fogar. Ten presente que se trata dun texto argumentativo.
- 13.** Á luz da secuencia e dos textos complementarios, redacta un texto breve en que expoñas o teu proxecto vital e o lugar que nel teñen os homes ou as mulleres con que queredes partillar a túa vida. Que esperas deles ou delas e que pensas ofrecerlles?

Actividades complementarias para a secuencia 13^a



- Que é o Ateneo de Madrid? Quen se reunía nel?
- Quen era Giner de los Ríos? Procura información sobre o seu papel e o da corrente que representaba (o krausismo) na historia da cultura e a educación feminina.





A ESCALEIRA DESIGUAL

BLOQUE 2: A ESCALEIRA DESIGUAL

SECUENCIAS

TEXTOS DE TRABAJO E/OU APOIO

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO



BLOQUE 2: A ESCALEIRA DESIGUAL

Núcleo conceptual:

A educación da muller no S. XIX e os obstáculos á súa emancipación no acceso ao mundo do traballo e á plenitude dos seus dereitos sociais.

Secuencias de referencia:



Obxectivos pedagóxicos:

- * Facer o alumnado consciente da “invisibilidade” que sofren as mulleres.
- * Coñecer a situación da educación da muller na fin do S. XIX.
- * Coñecer a posición das mulleres no traballo e no mercado de traballo, contra a fin do S. XIX.
- * Comprender o fundamental lugar da educación no proceso de emancipación das mulleres.
- * Desenvolver o alumnado unha actitude reflexiva e crítica a respecto das diferentes situacións de desigualdade que se producen na nosa sociedade.

Contidos:

- * A educación das mulleres no século XIX.
- * O traballo feminino no século XIX.
- * A educación, porta da emancipación.
- * A “escaleira desigual” e o “teito invisíbel”.

Criterio de avaliación:

- * Os e as discentes son capaces de analizaren historicamente a vinculación entre a educación e a emancipación das mulleres, comprendendo a necesidade da formación, para se situaren no mercado laboral, e a subsistencia do “teito invisíbel” como obstáculo para a emancipación plena das mulleres.



SECUENCIAS



SECUENCIA 25

ATENEO DE MADRID. BIBLIOTECA. INT/DÍA

Emilia está sentada nunha mesa da Biblioteca, onde xa hai varios libros espallados, a estudar nun volume aberto. Chega Arturo.

ARTURO

Dona Emilia, temos que marchar.

Emilia levanta a vista e di, contrariada:

EMILIA

Xa?

Arturo asente. Emilia érguese con pesar. Apaña os libros e vaillos entregando a Arturo, xuntamente cos outros, conforme progresa a secuencia. Arturo iraos depositando nunha estante.

EMILIA

Non é unha inxustiza que eu non poida vir estudar a esta biblioteca espléndida?

ARTURO

Claro que é.

EMILIA

Ao final, parece que o único que importa é que son unha muller... e, polo tanto, calquera mérito que teña carece de importancia.





ARTURO

Non é doado obter o recoñecemento,
calquera que sexa o sexo.

EMILIA

Pero sendo muller non é doado nin
aspirar a el. Como se unha muller non
puidese ser a mellor en algo.

ARTURO

E vostede non se resigna a iso.

EMILIA

E por que había facelo? Por que a
ambición que nun home é meritoria
nunha muller é defecto, cando non
vicio?

ARTURO

A min non ten que convencerme, pero,
por desgraza, a maioría das mulleres
de mérito renuncian a amosalo.

EMILIA

E por que resignarse? Por que darse
por derrotado sen iniciar a batalla?

ARTURO

Porque doe menos. Porque as derrotas
esnaquizan o espírito.

EMILIA

O que esnaquiza o espírito é a
rendición, non a derrota.


Arturo sorrí, admirado perante a actitude de Emilia

ARTURO

Vostede non pensa renderse...

EMILIA

Nunca. (Ri) Así que vaia aconsellando
aos seus amigos do Ateneo que abran as
súas portas ás mulleres. Porque eu vou
entrar aínda que teña que tirar esas
portas a patadas.





Arturo olla para ela, divertido.

EMILIA (CONT)

Falo en sentido puramente metafórico.
(Ri)

ARTURO


Pois eu imaxínoa dando patadas á porta
do Ateneo con moito vigor.

EMILIA

Que cadro tan comprometido...! (Ri) Algún
día iso ha cambiar. Pero mentres non
cambia, xa que non me podo xuntar cos
señores intelectuais no Ateneo, vouno
facer na miña casa. Calquera luns
deste mes están invitados. Conto con
vostede?

ARTURO

Será unha honra.





SECUENCIA 8 (FRAGMENTO)

CORUÑA LIBRARÍA. INT/DÍA

En primeiro termo, están Emilia e Mariana, a filla do Libreiro. O Libreiro aparece e diríxese ao seu fillo Pabliño.

LIBREIRO

Que...? ¿Aprendiches moito hoxe?(O neno asente) Moi ben, estou orgulloso de ti...

EMILIA

(Provocadora e, asemade, doce) E de Mariana, que ten tanta gana de estudar Letras, non?

Mariana olla para outra parte, facéndose a despistada. O Libreiro reacciona con contundencia:

LIBREIRO

Iso non o diga nin de broma.


Emilia apaña as súas cousas e inicia o movemento de saída cara a porta mentres di:

EMILIA

Manolo, non hai nada malo en ser unha muller ilustrada.

LIBREIRO

Xa. Coma vostede... Compadezo ao seu marido.





SECUENCIA 15 (FRAGMENTO)

TABERNAS. SALA 2. INT/DÍA

Dona Amalia le unha carta, en presenza da tía Vicenta e do seu marido, don Xosé:


DONA AMALIA

"Queridos pais e tía Vicenta: volver a París devolveume a enerxía que tanto me faltaba ultimamente. Estou gozando moito desta cidade onde as mulleres son libres de exercer a profesión que escollan, profesoras ou avogadas, matemáticas ou médicos".

A tía Vicenta persígnase

VICENTA

Médicos!... Antes morro que deixar que me atenda unha médico!





SECUENCIA 40 (FRAGMENTO)

MADRID. PISO RÚA DA PALMA. INT/DÍA

Emilia e Benito están sentados na cama do seu niño de amor, xogando ás cartas, á brisca.


EMILIA

Sei de sobra que moitos pensan que estou tola por querer vivir da miña profesión, gañar cartos e ser independente...

Galdós escoita, atento e comprensivo.

EMILIA (CONT)


Porque neste país as mulleres, ou raíñas ou estanqueiras, e no medio, nada.





TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO.

Como se dixo, estes textos poden ser usados antes e/ou despois do visionado. Suxírense actividades para a imprescindible fase de pre-visionado, referidas aos textos 1 e 5.



SUBLIÑA CUN LAPIS, PARA PODERES CORRIXIR, AS IDEAS PRINCIPAIS DOS SEGUINTES TEXTOS:

[1. A EDUCACIÓN DAS MULLERES NO S. XIX]

“As mulleres de clase alta e media eran educadas nunha «cultura do adorno» para saberen entreter as súas ricas familias. Recibían clases de pintura, música e francés.

As mulleres de clase baixa nin sequera tiñan acceso a este tipo de educación: o seu campo de acción estaba limitado aos labores domésticos ou de servizo e moi poucas delas recibían instrución.

Lamentablemente, en ningún caso as mulleres podían sosterse a si mesmas mediante o seu propio traballo, porque non estaban socialmente preparadas para iso.

A lexislación española de finais do século XIX facía que a muller casada non puidese dispor de autonomía persoal ou laboral e menos aínda de independencia económica; os seus bens debían ser administrados polo esposo. Toda transgresión a esta lei era penada co cárcere.

Aos homes estábanlles permitidos os relacionamentos extramatrimoniais e un asasinato en «defensa da súa honra» era sancionado co desterro por un breve período de tempo. Non era así para as mulleres: se cometían un crime pasional, a cadea perpetua era o máximo castigo.”

Amelia Villanueva Ramírez

A muller burguesa “posúe os coñecementos xerais da muller educada nun convento de monxas. Chapurrea o francés, martiriza o piano, canta con voz bonita e regular afinación, sabe facer varios caprichosos labores de agulla e mesmo é capaz de agasallar o seu esposo con algún prato artisticamente culinario.

Mais non a movan de aí, porque daquela desaparece o verniz de cultura e fica ao descuberto a burguesa ignorante, de mentalidade escasa, que forma o tipo corrente entre esa clase social.”

Fabián Vidal: “Las mujeres y el arte”, *Alma española*, 30 de abril de 1904 (nº 23, pp. 7-8).





Enumera os contidos da educación das mulleres no S. XIX, segundo a clase social á que pertencen

[2. A DOMA DA MULHER]


“A muller afoga, presa nas estreitas mallas dunha rede moral miúda miúda. Deberíños: gustar, lucir nun salón. Instrucionciña: música, algo de baile, migallas de historia, nocións superficiais e fragmentarias. Devocionciña: prácticas rutineiras, xenuflexións, rezos maquinais, todo anano, raquíto, como os albaricoqueiros chineses.”

“Todas as mulleres conciben ideas, mais non todas conciben fillos. O ser humano non é unha árbore froiteira, que só se cultive pola colleita que dá.”

“O único que, creo, se debe en xustiza á muller é a desaparición da incapacidade conxénita con que a sociedade a fere. Iguálense as condicións e a libre evolución fará o resto.”

“Non pode, en rigor, a educación actual da muller chamarse tal *educación*, senón *doma*, pois o fin que se propón é a obediencia, a pasividade e a submisión.”

Emilia Pardo Bazán: “La educación del hombre y de la mujer” (1892).





[3. HOMES E MULLERES. SERES DIFERENTES]

“Tomemos o caso paradigmático das relacións de Concepción Arenal coa universidade española. Ela, que é, con certeza, unha das nosas mellores xuristas, solicitou o ingreso na carreira de Dereito avalada polo seu excepcional talento e por unha familia de académicos e reitores que confiaba nela. Tales eran os dotes e as presións que se decidiu admitila; con todo, as características que tivo esta admisión din moito das barreiras que se opúñan á formación universitaria das mulleres.

Concepción Arenal foi admitida como ouvinte en leis sempre que a súa presenza nos claustros universitarios non resultar indecente. Na práctica, isto traducíuse na obriga de acudir ás aulas vestida de varón. Imaxinemos, pois, que aquela sociedade pudibunda e timorata consideraba menos grave o travestismo que o feito de unha muller escoitar as ensinanzas que lle estaban, en principio, vedadas.

O rito era o seguinte: acompañada por un familiar, dona Concepción presentábase na porta do claustro, onde era recollida por un bedel que a trasladaba a un cuarto en que se mantiña soa até que o profesor da materia a recollía para as clases. Sentada nun lugar diferente do dos seus aparentes compañeiros, seguía as explicacións até que a clase concluía e de novo era recollida polo profesor que a depositaba no famoso cuarto até a clase seguinte.

Con soberana paciencia, Concepción Arenal terminou os seus estudos de Dereito e acomodouse a estes rituais. Porén, proseguir determinados estudos implicaba, para o caso das mulleres, que se lles recoñecía o feito de, meramente, telos cursado, isto é, que non tiñan dereito a obteren o título nin moito menos a exercer a profesión para a que eses estudos capacitaban.

Deste modo, bastantes mulleres que seguiron estudos no curso da segunda metade do XIX e até a década dos vinte do século seguinte, que apareceron citadas nas actas de fin de carreira, nunca obtiveron os títulos. En ocasións, foron obrigadas a renunciaren explicitamente a eles.”

Amelia Valcárcel: “La memoria colectiva y los retos del feminismo”, 2001.

[4. REFRÁNS E FRASES FEITAS...]

Refrán galego

“Muller que sabe latín non serve para min.”

Refrán castelán

“Mujer que sabe latín, ni encuentra marido ni tiene buen fin.”

Frase feita

“As señoritas non teñen máis carreira que o matrimonio.”





[5. O TRABALLO DAS MULLERES]

Deixando á parte o traballo na industria (onde mulleres e nenos tiñan salarios moi inferiores aos dos homes), Alejandro San Martín (1883) divide o traballo da muller de fins do XIX en dúas áreas: o realizado na casa e o que se fai fóra da casa. Desde a casa, a muller pode traballar como costureira a máquina, facer encaixes, fiar, calceitar, bordar, tecer, pasar o ferro, ser modista, xastra, costureira para tendas, facer ou reparar luvas, ser gornecedora e reparadora de zapatos, ama de crianza, recolladora e preparadora de leite, manteiga e queixos, e dedicarse á cría de animais. San Martín sinala os seguintes oficio fóra da casa: lavandeira, forneira, costureira a xornal, corista e comparsa de teatro ou ama de cría. Para as solteiras, sinala: criada de servizo, cociñeira, asistente e doncela de labor. San Martín escribe desde o ámbito urbano e non contempla moitos traballos que facía a muller do rural galego.

Alejandro San Martín: “El trabajo de la mujer”, 1883.

A propia Emilia Pardo Bazán ten escrito sobre o traballo das mulleres galegas nun artigo de 1901, da sección “La vida contemporánea” de *La Ilustración Artística*, Barcelona, nº 1015, 10 de xuño de 1901, p. 378:

“Eu vin as mulleres, na miña terra, a segaren, a cavaren, a cargaren o carro, a pisaren o toxo, a xuntaren o estercos, a traballaren en obras públicas chapuzadas de auga até as coxas, a partiren pedra, sen que ninguén lles preguntase se estaban grávidas ou aleitando (...) Eu vinas a faceren oficios de mozos de carga nas estacións, portando baúis; eu vinas (...) axudando a tirar dunha carreta. Todo isto pódeno facer con liberdade absoluta (...) O que faría rachar o veo do templo (...) sería que unha muller sentase nunha oficina a despachar expedientes, ou na sala de sesións do Concello a deliberar”.

Clasifica os traballos que facían as mulleres do S XIX, segundo os seguintes criterios:

Os que facían no ámbito doméstico/os que se facían fóra da casa

.....

Os que eran remunerados/os que non eran remunerados

.....

Os que eran traballo manual, físico/os que eran de tipo intelectual

.....



[6. UN ENTRE MIL]

BLOQUE 2

A ESCALEIRA DESIGUAL

35

“Xan vai coller leña ô monte,
Xan vai a compoñer cestos,
Xan vai a poda-las viñas,
Xan vai a apaña-lo esterco,
e leva o fol ó muíño,
e trai o estrume ó cortello,
e vai á fonte por auga,
e vai á misa cos nenos,
e fai o leito i o caldo.
Xan, en fin, é un Xan compreto,
desos qu’a cada muller
lle conviña un, polo menos,
pero cand’un busca un Xan,
casi sempre atopa un Pedro.”

Rosalía de Castro: “Xan” (fragmento), de *Follas novas* (1880). Recoméndase a lectura do poema na íntegra.

[7. O TRABALLO INVISÍBEL]

No inicio do século XXI, “o traballo das mulleres nas súas casas continúa a ser, alén de gratuíto, «invisíbel e inconmensurábel», afirmou o secretario xeral da Organización das Nacións Unidas, Ban Ki-moon. «A maioría das tarefas domésticas, entre elas cociñar, limpar e coidar dos membros da familia, son desempeñadas por mulleres que nada reciben por iso», recordou a ONU nun informe. «En moitas rexións, o traballo na casa inclúe ir por auga e leña, cultivo de alimentos e coidados de pequenos rabaños», acrecenta o estudo, presentado na sesión anual da Comisión das Nacións Unidas sobre o Estatuto da Muller. Nese estudo, Ban Ki-moon considera que non se reconece nin avalía a contribución deste traballo invisíbel ao desenvolvemento social e económico, a pesar de ser esencial para a reprodución da forza de traballo e para o benestar das sociedades. Tamén alerta de que a iniquidade e a discriminación por razón de xénero contribúen co persistente desequilibrio na división do traballo entre homes e mulleres, e que perpetúan os estereotipos do «macho provedor» e da «encargada de coidar da familia». Así, «o potencial de mulleres e rapazas para participaren da educación, capacitación, mercado de traballo e esfera pública é restrinxido», acrecenta.”

Noticia dun xornal (2009)

“Hai toda unha serie de actividades fundamentais para a satisfacción directa e diaria das necesidades humanas (saúde, hixiene, alimentación, afecto...) que non reciben recoñecemento social e se fan na invisibilidade. Para as definir, hai quen fala de traballo reprodutivo (fronte a traballo produtivo en termos económicos); quen o denomina traballo non remunerado (fronte ao remunerado); e quen prefire definilo como traballo de coidados (temo que abrangue non só a dimensión material destas tarefas, senón tamén a compoñente relacional e afectiva). Este traballo gratuíto é realizado nun 80% por mulleres, o que dificulta o seu acceso ao traballo remunerado e a unha participación plena na vida social.”

Eramis Bueno e Gloria M. Valle: “La vulnerabilidad por género. Aspectos económicos”, 2007.



ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

Responde as seguintes preguntas con textos completos e coherentes, i.e., que teñan sentido por si e non sexa preciso ler o enunciado da pregunta para os entendermos.




Observando e analizando

1. Por que cres que a personaxe di: “o único que importa é que son unha muller... e, polo tanto, calquera mérito que teña carece de importancia” e “Como se unha muller non puidese ser a mellor en algo”? Na túa resposta, podes servirse da imaxe da escaleira desigual que dá título a este bloque.
2. Facendo pé no que a Condesa di na secuencia 25ª, ¿coñeces, no teu círculo de relación, “mulleres de mérito” que renuncien a amosalo? E, se non as coñeces, ¿non será porque, efectivamente, saben escondelo? Razoa a resposta.
3. Por que a tía Vicenta non quere que a atenda unha médica?
4. Describe as diferentes posicións, a respecto da educación do seu fillo e da súa filla, que ten o libreiro na secuencia 8ª.
5. A que grao de educación accederon o teu pai e a túa nai? ¿Hai algunha diferenza, nese punto, entre el e ela? ¿E as túas avoas e avós tiveron estudos? ¿Había algunha diferenza de grao entre os que recibiron as túas avoas e os teus avós?
6. Na túa casa, quen asume os traballos de mantemento cotiá do fogar? Que participación tes ti neles? E o teu pai?



Desenvolvendo e construíndo




7. Fai unha listaxe das profesións que podía exercer unha muller no século XIX, considerando a clase social á que pertencía.
8. Por que no S. XIX non se consideraba necesario que a muller recibise unha educación formal, regulada, como a que ti recibes nun centro de ensino? Relaciónaa co que aprendiches no bloque anterior sobre a “inferioridade natural” das mulleres.
9. Á luz dos textos de traballo, cal era a consecuencia máis directa da falta dunha educación formal, socialmente recoñecida, para as mulleres poderen ter unha vida autónoma?
10. Procura dúas interpretacións, ao mínimo, dos refráns citados no texto 4.
11. Explica, á luz dos textos de apoio, por que o traballo das mulleres no século XIX era “invisible”, no sentido de o seu valor non ser socialmente recoñecido. ¿Continúa a selo?
12. Fai un texto describindo o que sería a túa vida se non tiveses acceso á educación e, a seguir, explica a vinculación entre a consecución dunha completa educación formal e as condicións en que unha muller (ou un home) pode(n) acceder ao mercado de traballo.





13. Hoxe, os obstáculos que debe superar unha muller subsisten. Completa a imaxe da “escaleira desigual” coa do “teito invisíbel”, isto é, a existencia dunha barreira superior na carreira laboral das mulleres, difícil de traspasar, que lles impide seguir avanzando. Procura información sobre ese límite (ou “teito de cristal”) e explica por que se chama así.

14. En que profesións imaxinas as túas amigas no futuro? Pensa nas que van ter na realidade, non na que elas soñarían con ter. Fai o mesmo coas dos teus amigos.





A ESCALEIRA DESIGUAL

BLOQUE 3: PARA ALÁ DO SER SATÉLITE

SECUENCIAS

TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO

ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO



BLOQUE 3: PARA ALÁ DO SER SATÉLITE

Núcleo conceptual:

A construción do xénero e a oposición masculino/feminino; pasado e presente dos estereotipos de xénero.

Secuencias de referencia:



Obxectivos pedagóxicos:

- * Comprender a construción social (e relacional) do xénero.
- * Identificar os estereotipos de xénero.
- * Adquirir conciencia sobre a capacidade dos estereotipos de xénero para se reproduciren, enmascararen e seren invertidos.
- * Desenvolver no alumnado unha actitude comprometida na loita contra eles.

Contidos:

- * A diferenza sexo/xénero.
- * O concepto de xénero e de estereotipo de xénero.
- * Trazos característicos da oposición masculino/feminino.
- * A persistente asimetría das funcións de xénero.

Criterio de avaliación:

- * As e os discentes son capaces de comprenderen a construción social do xénero, identificaren os estereotipos asociados e comprenderen a necesidade de se manter vixiantes e críticos coas prácticas sociais que perpetúan a posición subordinada das mulleres.



SECUENCIAS



SECUENCIA 60

MADRID. ATENEO. SALA DA CACHARRARÍA. INT/DÍA

Don Tomás e Arturo están a ler cadanseu xornal. No de Tomás aparece unha caricatura de Emilia, que a mostra a pór uns pantalóns.

TOMÁS

Pobre dona Emilia. Non merece que a traten así.


ARTURO

Tan malo é?

TOMÁS

Din que é entremetida, que é presuntuosa, que é pesada, que é ambiciosa... E, sabe?, non deixo de preguntarme unha cousa: se me esquezo de que dona Emilia leva saias en vez de pantalóns... ¿Diría "entremetida" ou diría "curiosa"? ¿Diría "pesada" ou "erudita"...? ¿Diría "ambiciosa" ou "perseverante"?

Arturo olla para el, gratamente sorprendido pola mudanza de Tomás a respecto da Condesa..





ARTURO

E cal é a súa resposta a esas preguntas?

TOMÁS

A resposta, querido Arturo, é que se dona Emilia fose un home... sería Eu!

ARTURO

Eu non digo que non teña defectos, coma todo o mundo. Pero é honrada e non ten maldade... e é a mellor amiga que un poida desexar.

TOMÁS

E, ademais, é unha escritora descomunal!

Arturo asente, completamente entregado á dirección que toma a conversación.

ARTURO

Do mellor que hai neste país.

TOMÁS

Que ás veces sexa como unha dor de cabeza non lle quita o seu mérito.

ARTURO

Porque non sabe calar o que pensa. E se discrepa, discute e tanto lle ten que sexa co panadeiro que co ministro. Non se sente menos ca ninguén.

TOMÁS

A sinceridade non fai amigos. E isto é máis certo se falamos dunha muller.


Arturo non pode evitar un sorriso.

ARTURO

Desde cando é vostede feminista?

TOMÁS

Eu? Deus me libre! Pero ese afán polo estudo e polo traballo de dona Emilia, apenas os vin iguais en toda a miña vida.





Tomás érguese, deixa o xornal nunha mesiña e segue a falar entusiasmado.

TOMÁS (CONT)

Fíxese vostede na súa revista... Novo Teatro Crítico. ¿A quen coñece vostede con capacidade e empeño suficientes para publicar, en solitario, cento cincuenta cuartillas durante tres anos seguidos?

ARTURO

A ninguén. E é unha revista excelente que pagaba dona Emilia na súa totalidade. Mágoa que tivese que abandonar. Demasiado traballo e moi pouco beneficio!

Entra Gaspar.

TOMÁS

Ah, Gaspar, ¿xa puxo o anuncio no taboleiro?

GASPAR

Veñen de facelo, Tomás.

GASPAR (CONT)

Arturo...

Tomás e Gaspar sentan.

ARTURO

Que anuncio?

TOMÁS


É para os cursos da Escola de Estudos Superiores.

GASPAR

Cabaleiros, este ano contaremos cos mellores profesores, coas mentes máis privilexiadas do país.

ARTURO

¿Vostede entre elas?





GASPAR

(Con falsa modestia) Ai...! Arturo,
(ri) non teño tempo.

TOMÁS

Nin gana, que dá moito traballo.

ARTURO

¿E xa seleccionaron o profesorado?

TOMÁS

Pois estamos niso...

Arturo fica pensativo.




SECUENCIA 76

CORUÑA. LIBRARÍA. INT/DÍA

O Libreiro e Emilia sosteñen unha das súas habituais
discusións, separados por unha mesa da librería.

LIBREIRO

A min non ten nada que reprocharme,
que teño unha filla profesora. Non
podo ser máis moderno!





EMILIA

Traballo lle custou á pobre
demostrarlle que por ser estudosa non
deixaba de ser unha boa filla.

LIBREIRO

Si, pero non me dá netos!

EMILIA

Non se pode ter todo na vida.


LIBREIRO

(Irritado) Pois eu prefería que me
dese netos!

Emilia enfádase un pouco.

EMILIA


Demasiada esixencia coas mulleres e
moi pouca cos homes! (Pedagóxica) Mire
vostede, don Manolo, o outro día lin
na prensa o seguinte: "Muller detida
por fumar desvergoñadamente en
público". ¿Como se fuma
desvergoñadamente, a ver?





TEXTOS DE TRABALLO E/OU APOIO.

Mesmos se os textos poden ser usados antes e/ou despois do visionado, súxírese para a fase de pre-visionado o texto 1 e proponse actividades específicas.



SUBLIÑA CUN LAPIS, PARA PODERES CORRIXIR, AS IDEAS PRINCIPAIS DOS SEGUINTES TEXTOS:

[1. SEXO E XÉNERO]

“O sexo vén determinado pola natureza: unha persoa nace con sexo masculino ou feminino. En troques, o xénero, varón ou muller, é aprendido e pode ser educado, cambiado e manipulado. Enténdese por «xénero» a construción social e cultural que define as diferentes características emocionais, afectivas, intelectuais, así como os comportamentos que cada sociedade asigna como propios e «naturais» de homes ou de mulleres. Exemplos desta adscrición de características na nosa sociedade é pensar que as mulleres son falangueiras, meigas e organizadas e os homes son activos, fortes e emprendedores. (...)»

A división que configura o xénero non é neutra, como puxeron en evidencia moitas pensadoras no curso da Historia. Abonda con mirar ao redor de nós para vermos centos de exemplos: o vestidiño rosa ou o traxe azul para o bebé que acaba de nacer, segundo for nena ou neno; grandes zonas nos supermercados con xoguets de construción, deportes ou coches para nenos e outras, facilmente identificábeis polos tons pastel, cheas de bonecas-bebé que coidar e mimar, xoguets a representaren electrodomésticos e bonecas similares ás modelos televisivas que se pretende as nenas emulen nun futuro próximo.

Se alguén cre que isto pertence ao pasado, non ten máis que visitar uns grandes almacéns, observar os anuncios televisivos para nenos ou revisar os regalos que trouxeron os Reis Magos no Nadal pasado. (...) Outros signos mostran a incidencia cultural na determinación do xénero como, por exemplo, a forma de vestir, que aínda impide a moitas nenas subiren a determinados bambáns ou tirarse ao chan mentres os nenos teñen absoluta liberdade de movementos. Se unha nena chorar, todos a consolan; se for un neno, sécanlle as bágoas e pídenlle que se comporte como un “homiño”. Estes comportamentos educativos por parte das persoas adultas son aínda moi maioritarios, a pesar de que existe a percepción social de que xa ficaron superados.

(...) As diferenzas educativas que rexistramos pónense diariamente en práctica tanto por homes como por mulleres: a maioría de educadores tratan de forma diferente os nenos e as nenas segundo o seu sexo, aínda que for inconscientemente. Ao facelo, estanlles proporcionando, sen o saberen, un conxunto de comportamentos válidos, un xénero co que se identificar. Nas diversas sociedades, configúranse papeis e estereotipos asignados a homes e a mulleres que conforman maneiras diversas de sentir,



pensar, actuar e vivir, en moitas ocasións opostas, incompatíbeis e, o que aínda é peor, terriblemente inxustas.

Do mesmo modo, a forma como se xeran e desenvolven as relacións de poder vén determinada directamente pola socialización en función do xénero a que están sometidos nenos e nenas des que nacen. As nenas observan (...) unha abafante representación masculina en postos de poder que dificulta a súa posíbel identificación con eses lugares onde se toman decisións. (...) Esa educación que orienta, maioritariamente, un mozo para unha carreira técnica e unha moza para unha carreira “humanística”, esa educación diferenciada en función do xénero é a que xera discriminación cara ás mulleres na gran maioría das sociedades coñecidas.

O xénero configúrase, por tanto, como una categoría conceptual que explica cómo a construción social da nosa cultura transformou as diferenzas entre os sexos en desigualdades sociais, económicas e políticas. Esta translación de diferenzas biolóxicas a sociais é primordial, xa que o concepto de xénero non só designa o que en cada sociedade se atribúe a cada sexo senón que evidencia esta conversión cultural en desigualdade. (...)

Outra das situacións que dan lugar a confusións é que, moi frecuentemente, se identifica xénero con muller e non con relacións sociais de xénero, como sería máis adecuado (...)

Por iso, non se debería esquecer que, cando se fala de xénero, as mulleres feministas referímonos ás relacións entre mulleres e homes e ás construcións sociais que se fan da feminidade e da masculinidade. Este é o motivo de que xénero sexa tanto unha categoría relacional como unha categoría política, xa que as atribucións de xénero son opresivas e ríxidas tanto para os homes canto para as mulleres, aínda que, tradicionalmente, as mulleres fosen as perdedoras nese reparto.

De acordo coas premisas anteriores, as políticas chamadas de xénero non só se dirixen ás mulleres, senón tamén aos homes, tratando de mudar os patróns que a cultura asignou a ambos. Parten da base de que o xénero compromete todas as persoas, homes e mulleres (...) O xénero como categoría relacional permite tratar todas as persoas como iguais, no sentido de teren o mesmo valor, independentemente do sexo. Non se trata (...) de considerar a igualdade de xénero como “igualdade a” os homes, xa que iso significaría colocar os homes como medida do desexábel, senón como “igualdade entre” diferentes persoas de diferente sexo ante o mundo público e o privado.”

Sara Berbel: “Sobre género, sexo y mujeres” (2004)

Por “socialización” entendemos o proceso mediante o cal un individuo aprende interioriza os elementos da cultura o seu contorno social, mais ¿que é un “estereotipo”?

Á luz do texto, explica en que consiste o concepto de “xénero”. En que se diferencia do concepto “sexo”?

O “xénero”, ¿refírese ás persoas? ¿Ou ás relacións entre elas? Explica a túa resposta.



[2. PARA AGRADAR O HOME]

“En todo o que non se relaciona co sexo, a muller é home, isto é, ten os mesmos órganos, as mesmas necesidades e as mesmas facultades; a máquina é construída da mesma maneira, as pezas son as mesmas, actúan da mesma forma, o aspecto é semellante (...) No tocante ao sexo, a muller e o home teñen relacións e teñen diferenzas. (...) Todo o que teñen en común é da especie e o que teñen diferente é do sexo. (...) Na unión dos sexos, cada cal concorre igualmente para o obxectivo común, mais non da mesma maneira. Desa diversidade nace a primeira diferenza sinalábel: (...) un debe ser activo e forte; o outro, pasivo e débil; é necesario que un queira e poida, basta que o outro se resista pouco.

Estabelecido este principio, séguese que a muller é feita especialmente para agradar o home. Que o home lle guste a ela é unha necesidade menos directa. O seu mérito está na súa forza; agrada xa pola simple razón de ser forte.

Non se trata da lei do amor, concordo; é a da natureza, anterior ao propio amor.”

Jean-Jacques Rousseau: *Emilio ou a educación*, Libro V (1762)

[3. HOMES APAÑADOS NA PROPIA TRAPELA]

“Para o home tamén é funestísima a inferioridade da súa compañeira, posto que mellor acompaña quen máis sabe e quen máis vale.”

Emilia Pardo Bazán: “Concepción Arenal y sus ideas acerca de la mujer” (1893)

[4. ¿“O HOME” OU “OS SERES HUMANOS”?]

“En canto dicir *muller* evoca sempre una connotación sexual, porque o termo está marcado, *home* quere dicir ‘persoa’, ‘ser humano’. Por tanto, na medida en que as mulleres son persoas e seres humanos, son ‘homes’. Na estrutura lingüística mesma está gravada a inclinación a concibir o masculino como o universal.”

Patrizia Violi: *O infinito singular* (1986)





[5. O SEGUNDO SEXO]

“Non se nace muller, chégase a selo. Non hai ningún destino biolóxico, psicolóxico ou económico que determine o papel que as mulleres representan na sociedade: é a civilización, como un todo, a que produce esa criatura intermedia entre macho e eunuco, que se cualifica como feminina.”

Simone de Beauvoir: *O segundo sexo* (1949)

[6. A ALEGRÍA DE SER MULLER]


“Utilizar iso de que «é marabilloso ser muller» supón asumir, para definir as mulleres, os mellores trazos (¿mellores a respecto de quen?) que a opresión nos asignou e supón non cuestionar radicalmente as categorías ‘home’ e ‘muller’, que son categorías políticas e non datos naturais.”

Monique Wittig: “Non se nace muller” (1981)

[7. MASCULINIZARSE PARA TRIUNFAR]

“O privilexiado é a masculinidade; por tanto, o home tamén o é, mais non dun modo absoluto, senón soamente en tanto que represente e defenda os valores masculinos. Da mesma maneira, algunhas mulleres poden verse beneficiadas a título persoal, sempre e cando asuman os valores masculinos da orde social.”

Esteban Ferrández: “A violencia desde a perspectiva de xénero”





ACTIVIDADES PARA O ALUMNADO

Responde as seguintes preguntas con textos completos e coherentes, i.e., que teñan sentido por si e non sexa preciso ler o enunciado da pregunta para os entendermos.




Observando e analizando

1. Fai unha compilación das virtudes que don Tomás acha na Condesa. Pon a carón delas as que salienta Arturo.
2. As virtudes que don Tomás acha na Condesa, ¿eran, na altura, caracteristicamente femininas?
3. Cal desas virtudes de dona Emilia non ten don Gaspar, á luz da secuencia?
4. Por que cres que don Tomás admira a Condesa?
5. É a admiración de don Tomás produto dunha posición feminista, i.e., dunha ollada crítica a respecto dos estereotipos de xénero?
6. Segundo a maneira de pensar e sentir do libreiro, ¿que debe facer unha “boa filla”? Por que di a Condesa de Mariana, a filla do libreiro, que “traballo lle custou á pobre demostrarlle [ao pai] que por ser estudosa non deixaba de ser unha boa filla”? ¿A demostración tivo éxito?





Desenvolvendo e construíndo



7. A profesión de Mariana, ¿confirmaba os estereotipos de xénero (“femininos”) no S. XIX? Na túa resposta, ten presente o que aprendiches no bloque 2 desta unidade. Que diferenza hai, nese punto, entre os estereotipos femininos do S. XIX e os da actualidade?

8. Procura exemplos que demostren a vixencia actual da frase que pronuncia a Condesa: “Demasiada esixencia coas mulleres e moi pouca cos homes!”

9. Define os trazos característicos do estereotipo home “efeminado”/muller “machorra”.

10. No S. XIX discutíase se era posíbel a amizade entre homes e mulleres, como a que teñen Estrada e a Condesa no filme. Que experiencias tes ou coñeces sobre iso? Que opinas? Por que?

11. Os estereotipos de xénero, alén de dualistas (pasiva/activo, etc.) están tamén xerarquizados: na nosa sociedade consideramos que é mellor ser activo que pasivo, forte que débil, obxectivo que subxectivo, etc. O lado alegadamente “masculino” do par é máis valorado. Organiza os seguintes termos en pares duais, pondo nunha columna os que corresponden á construción convencional do xénero masculino e na outra os tradicionalmente asociados á feminidade:

masculino
home
superior
activo
forte
razón
alma
intelixíbel
firme
independente
público
humano
cultura
obxectivo

corpo
privado
maleábel
subxectivo
non humano
natureza
feminina
dependente
inferior
sensíbel
muller
pasivo
emoción
débil



12. Nas túas actitudes a respecto de mulleres e de homes e nos teus comportamentos de xénero, ¿ten máis influencia a educación formal (a que recibes nun centro de ensino) ou a educación informal (a que te vai impregnando na túa vida cotiá)? Por que?

13. ¿Nácese “home” ou chégase a ser “home”? Xustifica a resposta.

14. En que sentido os estereotipos de xénero prexudican tamén os homes?



Agradecementos

Carme Castelao Mexuto

Xulia Santiso, conservadora da Casa-Museo “Emilia Pardo Bazán”

A FIN

ESCALEIRA
DESIGUAL

A CONDESA REBELDE